


N.º 131-32

Tomo 11

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 »

Número solto 0'70 »

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser das que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

PRIMEIRA ELEXÍA, por ALVARO CUNQUEIRO.

NOUTURNIO, por LUÍS MANTEIGA.

A ILLA DE ONS, por ALVARO DAS CASAS

A XENERACIÓN DE RISCO, por R. CARBALLO CALERO.

MITTELEUROPA, por VICENTE RISCO.

MISCELÁNEA, por XAQUÍN LORENZO E FERNANDO BLANCO ABEIJÓN.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárragos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVI ★ Ourense Novembro - Decembro de 1934 ★ Núm. 131-32

PRIMEIRA ELEXÍA

POR ALVARO CUNQUEIRO

Qué soñada noite ou espada decideme
Què outo pino decideme si eu quixera ser home.
arume ou fino corazón chorando.
Decideme simplemente si cada fronte ou medo
inevitabel peito atravesado de terra me recolle descoñecido.
Seriamente falando
quero, quero volver a poñer a miña gorra mariñeira
aquela gorra dos oito anos
cando entre o meu sono i eu cantaba a luz.

Eu compárome aos mortos.
Deixadas quedan as rúas a aqueles que teñen corpo
a aqueles que soñan con pechaduras e tellados.
O meu corpo xa está durmindo naquela poboación lacustre
que busquei durante vintedous anos e oito meses
naquela poboación lacustre derrubada
pol-os coléricos peixes das grandes mareas atrasadas.

Decideme si eu quixera ser home.
Eu quixera recobrar aquela man de finos dedos nerviosos
aquela perna enterrada na area

aquela fotografía con unha galeiría no fondo
aquel reló sin vidro disecado.

Quero quero chorar desconsoladamente o meu cabelo castaño
[escuro
agora que o meu corpo durme na beira mesma dun lago pálido.

Decide que agonía traspasada ou carne humana me berra.
Coa miña gorra mariñeira dos meus oito anos
eu quero volver a descansar na miña propia cabeza
nas miñas propias máns.
Sober dos meus propios pés estaría mirando como resucitaba.

Ti vello vento do Norde
e ti vella cidade amorosa!
Anceio cruzarme nas vosas esquiñas
os labios docemente decorados de silenciosas sorrisas.
Que musgo quero romper na miña soma
pra volver a ser paseante de longas zancadas.
No espello do armario agárdanme tristes
restos dun rostro amado eternamente.
Decide si pode ser novamente aquela voz oída algunha vez.



Do libro inédito FAVORABEL PRISIÓN DE SONO (1933-34)



N O I T U R N I O

POR LUIS MANTEIGA.

As toupas roeran as suas ataduras e a noite quedara esnaquizada. Vidros de luz de lua rebulían a milleiros; era coma si estivesen a chover miudos espellos d'auga. Viase ben que era a noite, pro unha noite desfeita, esfarelada, coma si contra d'ela se tivesen relaxado total-as cousas que morren nas suas somas tépedas. D'aquela todo era vivo e quedo coma nun éxtasis.

Eu andaba a ollear na roda de min mesmo, a tremer de emoción. Tiña medo de rompelo ensoño en que vibraban as cousas i-eu mesmo. Tiña medo de que todo se esfumase como no acordar dun sono encantado. Eu era eu i-a vez unha idea de min; as cousas eran coma sempre, sinxelas e doces, a vivir a sua vida sin inquedanzas, perto, moi perto d'esa cousa divinamente humán que un leva dentro, e á vez moi lonxe de total-as angurias que escravizan a vida dos homes. Eu sentíame a min mesmo coma un páxaro ou unha froliña humilde de toxeira ou carrascal. Fuxiran de min total-as cousas i-eu atopábame lixeiro coma o vento, coma o sorrir d'un anxó, coma si tivese acabado de nacer. Eu vía lonxe de min, aló na revolta d'un camiño que deixara moito atrás, total as doores do mundo, as doores dos homes, a miña propia door, todo ese cargamento acenado decote enriba da miña conciencia e viao entón, coma unha roseira frolida que non pesaba sobre de ninguén. Era unha lediza morna, era coma si o mundo se tivese trocado en paraiso, era como si un tivese deixado de ser e non de sentir. Unha suavidade silenciosa chovía maina sobre do meu ser. Eu sentíao todo arredor de min como si o tivesen posto arredor dunha imaxen pra en-

salzala. Eu sentíame agarimado pol-as cousas, aquecido pol o amor puro e virxinal das cousas, i-eu era unha cousa mais entre elas, unha cousa queda, quente, que podía ollar arredor de si e apreixar nas suas mans suaves e amorosas, o ser de cada cousa e o ser total. Eu sentíame como a cousa máis outa, como a cousa privilexiada a que total-as cousas rendían homaxe satisfeitas de facel-o. Eu era n'aquel intre coma o alento de min mesmo, como era cousa esvaída sin forma nin ser, na que se pensa sin verbas nos intres en que un deixa de ser home, por sel-o demasiado. Eu pensei primeiro que a felicidade tiña chovido no mundo e que endexamáis habería porque chorar. Despois pensei que tiña morto e que estaba nun mundo en que os homes son a vez somas e homes, e xa pra sempre. Eu non sei canto pensei, nin sei ben si o meu pensar foi de entón ou de despois. Eu gardo a lembranza d'aquel intre, lévoa viva no máis fondo de min mesmo, e non sei aínda si aqueló foi un soño, ou unha realidade. ¿Qué máis tén?. Das cousas que foron solo queda a lembranza e tendoa pouco importa que fosen ou non. Eu gardo a lembranza d'aquel intre e querovos contar.

Era a noite, unha noite feita de espellos, e somas. Eu topeime deitado nun leito de fentos que arrecendían a verdura montañesa, a esa acedía brava que non naceu pra ningún paladar. Era un leito de fentos dondo e mol, como si fose de escumas, ou de nubes. Era un leito morno de cousas vivas, aquecido con alentos da terra, un leito como pra morrer n'el, e non erguerse endexamais. A noite estaba a sorrir i-eu atopábame ben

entre aquel sorrir de ceu e terra. Todas as prantas perderan as suas coores, e andaban a rebulir nas lumieiras de prata coma somas máxicas. Olía a bosque e os piñeiros mexían mainamente as suas cabeleiras entrenzadas, como si fosen abanos de penas en mans que se adormiñan. Quizais non era un bosque, sería somentes un souto pechado de piñeiros e carballos; a bóveda inqueda dos ramaxes bordaba fantasías nun ceu azul esvaído e manso, como feito de mar cristalizado, a lua andaba por él a rodar, escondéndose tras das petadas máis escuras do ramaxe, como unha nena que estivese a axuxar o que pasaba no souto, as veces parecía un peixe morto entre negras penedías. A través dos albres vianse os límites do ceu perfilados pol-as combas dos montes feitos masa de somas. Víase todo esvaído, como cousa lonxana, como si so tivese realidade o que estaba arredor d'un, os piñeiros, os toxos, os fentos e os carballos do souto enfeitizado.

Non sei si vos tendes decatado de que é na noite cando se ve a forma das cousas, as coores e a luz, non deixan ollar ben, é cando os corpos se fan soma, cando se ve a reciedume ou sinxeleza do seu ser. Non saberedes nunca como é un albre ou un monte si non os ollades na noite deitados sobre d'esa inmensidade de contraste que é o ceu. N-aquel lugar os piñeiros erguían a pompa dos seus ramaxes, pra pechal o recinto en que eu era dono e deus. Os ramaxes estaban outos, moi outos engarzados no azul do ceu, e os troncos fendían os espazos co'as suas liñas duras, como aristas de penedos no mar. Era un bosque craro, ningún feixe de albres faguía muro de somas, era todo un enreixado miudo por onde furaban sin traballo as serpes de prata do luar. Había petadas de carballos que pechaban as somas baixo d'elas, i-eran como lunares escuros na faciana do bosque.

Eu non sabería volver ó lugar, ningún camiño me levará hastra alí, topárame n-el como si me levaran dormido e non sabería decir si xa os meus ollos o tiñan acarñado n'outrora, ou si nunca ollara pra él. Dende logo non era esa terra que ninguén amou, que o Lawrence topaba na Australia, non. Eu decatábame ben de que era un anaco de

terra que gardaba os amores de todas as xeracións; eu sentía que era terra miña, un anaco de bosque d'esta Galicia nosa por onde rodaron os aturuxos dos celtas na roda repetida dos séculos. Eu sentía nas costas a quentura da terra que me tiña sobre de si, con agarimo de nai. Eu topábame no centro de min mesmo, non sabía ren do que tiña pasado, nin pensaba en cousa algunha, pro sentíame acougado no intre supra humán, como si me tivese trocado n-un ente mitolóxico, e xa fose a quedar pra sempre así. O tempo non tiña senso, sentíase correr e correr sin que tivese un que ocuparse d'él; corría sin rozar o meu ser i eu sentía esa ledicia de eternidade conscente dentro da paisaxe, que é degoiro noso cando ollamos a terra, que é sempre, decatémonos ou non.

Pro aquela terra, aquel anaco de monte perdido na noite, non tiña rastreiros de vida humán; era como si a vida dos homes houbera fuxido de alí moitos anos antes, e non quedase xa lembranza visible d'ela; non se adivinaba na noite nin unha luz d'esas que acesa como un berme na longura das somas, berra no silencio o segredo d'un home que non se sabe quen é, nin que foi, pro que se sente vivir no cerne da i-alma, como un irmán querido inda que seña así, lonxe d'un. Non se ouvían nin rillar de pasos humanos, nin ouvear de cáns en vixilia, nin chirriar de carros nos camiños; ningún d'esos ruidos que van denunciando na noite a presenza dos homes. Era aquel un corrunchiño do mundo alonxado de todo e cheo de vida, de vida das cousas, d'esa vida quente que se atopa en cada lugar, e que non ten nada que ver co-a vida dos homes, inda que eles lle sean precisos. Eu estaba quedo coma un morto, sentíame a min mesmo na miña quietude e gozaba d'ela. Era como si todo o mundo que me rodeaba i-eu mesmo fosemos un d'esos paisaxes mortos afogados nunha bágoa de vidro d'esas que se pousan enriba dos papeis nas boticas, ou nas mesas dos abogados vellos; pro un mundo con vida propia, con alento certo, sin realidade na conciencia dos homes, pro real en si mesmo. Eu pensaba que o mundo se tiña trocado e que todos os homes estaríamos así a vivir isolados cada un a sua vida e co as suas

cousas, e alegrábase moito. Máns do meu espírito, longas como todo o mundo, iban acariciando as codeas escuras dos piñeiros, e a seda suave dos musgos perdidos nas somas do chán. As miñas máns silenzosas non topaban co-a vida de ningún berme, era como si todol-os animaes, o mesmo que os homes, tivesen desaparecido do lugar.

Entón pensei, estou morto. E sentín que non me doía aquela morte, pois que me quedaba a conciencia e a visión da terra e das cousas. Entón sentín que tiña mil máns incorporeas e que todas andaban a acariciar nos albres e nas prantas, e a rabuñar na terra morna, e a enredar co-as candeas dos piñeiros e coas ramas verdes dos fentos. E quedei así un intre longo como unha vida, como unha vida longa, quizais como unha eternidade; eu non sei canto tempo.

Pro houbo un intre en que todal-as miñas mans incorporeas se xuntaron nunha toxeira, i eu sentín arrepiños de medo, porque as espiñas dos toxos non rabuñaban as miñas mans. Entón quixen arrincar a toxeira e decateime de que as miñas mans eran como somas sin corpo a vagar entre as cousas. Sentín medo, un medo tolo, ese medo que se sente nos intres agoniados. A min non me importaba estar morto, pro eu quería seguir sendo pr'as cousas, como elas eran pra min, non me abondaba ser eu pra min mesmo, quería sel o pra todo, como na vida. Os meus ollos anguriados pousáronse n'un cómaro cuberto de silveiras. As bagullas bermellas das amoras brillaban na noite, como grumos de sangue a tremer na i-auga cristalina do luar. Mais abaixo nas somas tépedas da silveira brillaba un verme de luz.

Eu quixen apreixalo, sentilo nas miñas mans de home. Quería tamén saber, si xa nunca mais podería acariciar as cousas e sentilas vivas ou mortas sobre de min. Comencei a sentir o meu corpo irto e duro, como si tivese caído sobre d'el unha xiada de inverno. Rofame unha anguria infinda pensando eu que xa nunca mais podería dispor de min. Unha forza de tanteo pulaba en min por rompela rixidez do meu corpo eivado que parecía xa morto pra sempre. Pro de súpeto sentín que todo en min aquecía de novo e topeime de pe áxil e forte, como sempre.

Quixen buscar na silveira o berme de lus, e rabuñáronme todal as espiñas. Eu era un home entre as cousas no medio da noite, e sentín unha ledicia fonda que traguía bágoas ó meus ollos; comprendín que acordara d'un sono, e púxenme a vagar pol-o bosque como unha soma mais. Ruxían baixo dos meus pes, as pinazas i-as herbas secas; enchíase o ámbito d'aquel estalar de cousas murchas, non semellaban pasos humans. Eu era unha soma entre as somas dos piñeiros i a choiva de lua partíame en anacos. Vin que nada tiña cambiado que todo era igual a como o vira no meu sono, pro xa eu era unha cousa viva entre as cousas. Non había homes arredor, había unha soedade fonda que non pesaba na i alma; unha soedade que eu quixera faguer eterna, estábase ben.

Vós xa sabedes que non é certo, que as cousas durman na noite a terra non dorme nunca, i-as prantas, i-os albres, i as cousas todas, si dormen algunha vez, é cando o sol se deita sobre d'elas. Na noite son os amores das cousas; i-o medrar das herbas, i-a conversa dos albres. Non hai silencio na noite, escoitar ben e oiredes o rumor. Eu ollaba pro ceu matizado de ramaxes, ningún estaba quedo, os piñeiros anainaban mainamente como berces, as suas figuras esguías; había un ritmo suave de canzón, i-eu comencei a escoitar a mûseca de noite, esa mûseca saudosa e fonda que ninguén pode cantar. O ventíño lixeiro da noite peiteaba nas crenchas escuras dos piñeiros, e nacía un rumor enfeitizado que enchía a vida toda. Ouvides o canto da noite no bosque, o rumor vai vindo mainamente, medra sobre d'un, vaise logo pra volver e vir. Non é o rumor do río agoniado nun mesmo ritmo e nun mesmo son, non é ese rumor que parece afogar a conciencia na sua auguria infinda, non; este é un rumor de conversa ou de canzón un rumor ledado, garimoso, cheo de medos infantís, i-emocións insospeitadas. Eu sentín renacer os intres lonxanos dos meus anos de pícara, cando todol os bosques tiñan fadas e bruxas que enchían a fantasía c'os seus contos imposibles. Eu entón quixera ver aparecer o lobo medofento, i-o ogro que comía os nenos; eu mesmo n'aquel intre non era mais do que un neno que vai a procura do que sexa,

e ten medo do que poida atopar; pro non topaba nada, ou millor topabao todo.

Cando me decatei tiña deixado a escuridade do bosque, i-andaba a vagar pol-os campos abertos cheos de luar. A miña soma lanzal como un tronco de piñeiro deitábase nas leiras e rubía os balados moito diante de min. No ceu azul como un mar morto escintilaban milleiros de estrelas. Os montes erguianse dondos na liña do ourizonte i-era toda a terra un remanso de paz insospeitada. Eu sentín que da terra me rubían á i alma as esenciais da vida, sentín que to-

dol-os homes poderían ser deuses por si mesmos sementes con vivir así no medio das cousas, e tiveron a idea fonda de que todo estaba feito, de que xa nunca mais os meus ollos volverían a chorar, de que non choraría mais ningún home na terra, e naceume no mais fondo de min mesmo un aturuxo vibrante que encheu a terra toda; un aturuxo que era á vez rezo e canzón, un aturuxo como debeu lanzar o primeiro home que foi capaz de ver e comprender. Entón encheuse a noite de oubeos de cans e de bermes de luz e sentín novamente que todo era soño e febre. Non gardo mais lembranza.



A ILLA DE ONS

POR ALVARO DAS CASAS

Na entrada da ría de Marín, entre o cabo de Udra pol-o Sul e a punta de Cabicastro ao Norte, os mapas sinalan dúas illas que protexen a ría especialmente contra os temporás dos terceiro e coarto coadrante; son a illa de Ons e a Oncela, Onceta como se nomea no Fontán, ou Onza como se di no derrroteiro (1). Desta, moi pequena, non me ocuparei por que a mais está deshabitada; estiven nela, sei que produz boa herba e ren mais; nen un árbore. Na illa de Ons, aparte outras moitas estadas, residín nunha xeira de dez días; do 13 ao 23 de Xuño do 1932, sendo hóspede do eisempar e chorado torreiro D. Anton Bruno; gardarei agarimoso sen nome no recanto mellor das miñas lembranzas.

A illa de Ons carez de bibliografía; apenas unha lixeira reprenza nos dicionarios (o xeógrafo de Madoz non lle adica nen meia dúcea de liñas) e mais ren. Rivera e Vazquez non falan dela (2), moi pouco Murguía, Rodríguez Gonzalez (3) pouco mais fai que nomealas o mesmo que Gallego Armes-to (4) o mestre Otero Pedrayo, tan com preto sempre, adícalles uns comentarios casi telegráficos (5); Xurxo Lourenzo adícallos brevísimos (6) e Xoán Carballeira fáille uns reportaxes no «Pueblo Gallego» mais sen saírese do senso xornalisteco que os motivaba. Con todo é dos recantos mais atraintes e de mais fondo intrínsecos do noso país, e si co-esta papeleta esperto anceios do seu estudo xeolóxico, histórico e xeográfico completos, penso que xa teño conquistado dabondo.

XEOGRAFÍA

A illa de Ons fica tendida de N. N. E. a S. S. W. mais ben entre as puntas da Lanza-da e Cabicastro. Ten de longura pouco mais de tres millas, unha na súa largura maior e oito de boxeo. A súa outura máisema é de 119 metros. A illa é de propiedade particular e foi mercada, según as miñas informazóns, en 300.000 pts.

Conta cun faro de luz fixa, branca, de 3.225 buxías que se convirten ao eisterior en



325.000, de sistema de lóstrego en agrupamentos de catro destelos que relampaguean en vintecatro segundos, cun seitor de ocul-tazón de 5,50; ten corda pra tres horas, con frotador de mercurio e lámpada de petróleo Champs con provisión por ano de seis tone-ladas (1).

(1) «Desde el cabo Trafalgar al puerto de la Coruña» 1902 páx. 226.

(2) «Guía de Galicia»-Madrid-1883.

(3) «Compendio de Geografía Especial de Galicia», 4.ª edición. Santiago 1928.

(4) «Novísima Guía de Galicia»-Santiago-1928.

(5) «Guía de Galicia»-Madrid- Calpe-1926.

(6) Revista NÓS-núms. 124-125.

(1) Este faro, reconstruído, inaugurouse no 1925.

No punto meio, ourentado á ría, fica o *Curro* (*Arenal de los Perros* no Fontán), o pequeno embarcadero pol-o que se fai todo o servizo, a taberna, a praia das dornas, o armacén e o casal do dono da illa Don Didio Riobóo, do xeito das antigas frábegas dos fomentadores cataláns.

A metade N. da illa é probe, pouco habitada e tristeira; a do Sul rica, fermosa, máis habitada e leda: nesta metade fica a ermida do S. Xoquín, co sagrado no redor, e a escola instalada na antiga reitoral, con 72 nenos —dos que asisten 43 ou 44— e 48 adultos. Desta poboación escolar xa sabe ler o cincuenta por cento; o seu mestre é D. Xaquín Fernández Cambeiro.

A illa ten pra o N. os montes do Centolo (88 m.), Cerrado, Pendente ancha, Xovenco,



Coba da Vella e Gaiteiro, e os lugares do Centolo (na illa dín Centulu) e Cucorno; conta cunha pequena praia, a de Melide, fronte da que, aos tres cabres, pódese fondear con 15 metros. Pra o sul ten o lugar do Pereiró e a costa remata nunha liña rexamentes acantilada que vai dende a punta de Fedorento á de Rego d'Égoa.

Moran na illa 59 veciños facendo un total de 418 habitantes que se xuntan en 64 casas. Non hai crego, nen médeco, nen botica; a escola foi creada no 1923 e abríuse no 1925.

Estrana a riqueza das augas, moitas e in-mellorabres; eu rexistrei, abundantísimas, as seguintes fontes: San Iñacio, a Mina, Cucorno, Canibeliños, Gaiteiro, Canexol, Pe-

reiró, Caño, Area do Curro, Centolo, Coba do Lobo, Pendente alta e Das Cobiñas.

As praias principais son: Melide, Curro, Area dos Cans, Canexol e Pereiró ao Leste; ao Sul Fedorentes e ao W. Canibeliños e Buraco do Carneiro.

Dende o faro a illa domínase en todo o seu conxunto: montañas en abas soaves coas cumes romas, en lombo de cabalo; algúns piñeiros na vertente sul, poucos eucalitos e nen un castiñeiro, nen un carballo, nen unha nogueira, nen unha árbore secular. De froita soamente as figueiras que se retorcen na beira das casas e algún limoeiro e laranxal alá embaixo, no resío do amo. A montaña aparece coberta de fentos, toxos, carpazas, xestas, margaridas, alecrin e prixel, este en cantidades inmensas. Cheira a tomiño, a herba-boia, anís, orégao e ruda. Roxean aquí e acolá infindas campaiñas. Os éidos están a millo (colléitanse de 12 a 15.000 ferrados, de 20 kgs. ferrado) centeo, patacas, fabas e legumes de horta con moita abundanza as herbiñas. A illa abránguese nunha ollada que conmove e apaixoa: verdecente como a Erin das lendas, ergueita como un castelo, cinguida de escumas e salseiros pol-o crebar imponente das ondas nos cantis esgrevios; semella unha nao mitolóxica a pregar o rosario das illas do poente.

Entre todol-os veciños xuntan 130 cabezas de gando vacún e dúas centas cincoenta e tantas de cerda; non se olla nen por casualidade gando de lá. Moitos coellos, lebres e perdices, e un soio can: o do amo. Un promédeo de dúcea de galiñas por fogar. Algúns patos; bandas de corbos que dan conta das colleitas e que os veciños teñen de afastar con ledos espantapaxaros e tamen facendo soar unha roncha ou carraca. Moitas garduñas e londras. Verdecen moitos e bons loureiros.

Os veciños moran na illa de aluguer e pol-a terra teñen de pagar renta ao Sr. Riobóo; non teñen ren nen a casa en que moran. Recollen moi boas colleitas e axúdanse co peixe que abonda moito nestas costas: muxos, cravas, fanecas, crongos, luras, pi-

zanciras, centolas, precebes, sarrans, maragotas, pintos, rabalas, chamizas, praguetas, buratas, cabalas, xurelos, mixillóns, mario-las, lorchos, xaxans, e sobre todo polvos. (1) Onde mais se pesca é pol-o Centolo. (2)

HISTÓREA?

Non sei ren da histórea da illa. Lourenzo anotou dous castros, e di que recolleu notizas de mámoas mais que non-as viu; a min parezme ollado unha ao W. do S. Xoquin. Descreve un deles, o *castelo dos monros*, ao S. L., cun soio recinto de chan moi incrinado e un antecastro separado por fondo foso. Este castro xa o tiña en percibido na miña estada, con anterioridade ao cruceiro *Ultreya*. A min faláronme tamén de tere topado na illa machados de pedra que foron levados a Bueu, e hosos, en difrentes terras moi lonxanas do Sagrado.

Cornide di que a Ons e a Onceta son as *Insulae deorum* de que fala Ptolomeo. Outros fánnas dúas das dez *Casitérides* de que fala Strabón, e Murguía quer amstrar que a Ons e a *Aunios* de que fala Plinio.

De restos medioevás percebin un sartego antropoide, de perto de dous metros de longo, a uns oitenta metros da costa pol-o Leste e a dous centos S. do embarcadeiro, nun lugar que lle din *Laxe do Crego* e que é un penedo que descobre na baixamar. A tradizón di que antigamente a terra adiantaba aínda ben mais da laxe, e que neste lugar había un fermorisimo mosteiro que se esborallou «cando os franceses».

Ao N. E. óllase moi ben unha fortificación acastelada tipo Wauban, antiga defensa da ría pol-o N.; unha lenda di que por embai-xo da súa plataforma de granito sae un ca-

miño que, por embaixo do mar chega á costa de Portonovo. A ermida é probe e sen ningún intrés: pode sere de comenzos do século XIX.

Os colonos vellos contan que a illa estivo deshabitada hastra que, alá pol o 1818 ou 20, viñeron de Loira tres familias apelladas López, Piñeiro e Comesaña que eiquí se estableceron sen permiso de ninguén. O dono, que era o marqués de Valadares, chegou tempo despois pra botalos fóra mais en pouco estivo que non o matasen: os que poidríamos chamar fundadores, seus fillos parentes e outros continentás que viñerán tras deles, subreváronse, e si o fidalgo non perdeu a vida na revolta foi por que lla solvou o abó do aítual veciño Xosé López García, que era home de moito pulo, o que conqueriu fuxir con ele nunha dorna pra Bueu. Todos falan na illa desta revoluzón e todos lembran con agarimo a un rapaz—fillo ou neto



do marqués— que eiquí veu de cazata anos despois nunha nao luxosísima

A HABITAZÓN

O dono ten divididos aos veciños en dúas castes según a casa que teñen e a renda que pagan: os mais antigos e ricos labouran uns cincuenta ferrados e ocupan uu *casal*, os mais probes, fillos que se foron emancipando por casorio os mais deles, labouran de 15 a 20 ferrados e ocupan unha *caseta*. Casaes soio hai trinta e dous, como habitazón, son os menos intresantes.

Total-as casas son de pranta reitangular

(1) Esprego nomes dos pais.

(2) O meu amigo o buzo Marquez díxome ter visto entre o Centolo e o Camouco, árbores imensas que supón dunha especie de corás.

de piso baixo con chan terreo; teñen o tellado a dúas vertentes que desaugan nas facianas longas. As mais probes óllanse ao N. e ao Sul as mais ricas. Non teñen pateos, curros nen sebes ou valados que as garden; as mais delas pechan con tarabelo e sen chave. A unha beira teñen o pendello onde se garda o carro de bois (sempre os levan xunguidos pol-o pescozo), as petas, os arados, etc. a leña e mais a herba.

As casas son feitas de cachotes e teñen o madeiramen de piñeiro; soio teñen xanelas na faciana principal na que se abren dúas portas adinteladas, de hoco pequeno, con dúas follas facendo cancela; entre as portas óllase unha xanela pequeniña. Unha porta abre pra a cocíña e outra pra o dormitorio; entr-elas, baixo a xanela, acostuma a



habere un banco de pedra. Apenas teñen cristás, nen teñen chemineia. Rente da casa está a corte pra a facenda cun apartamento que é o cortello dos cochos.

A cocíña é escurísima e ten unha lareira de pouco mais de meo metro por un e meo posta a unha outura de mais meia vara. Rente, no mesmo nivel, fica o forno, e perto dele o muiño de man, de pedra grá, cun diámetro de 50 a 60 cms. Non fallan nunca a artesa, un pequeno banco chamado tallo e un alzadeiro probisemo.

O resto da casa, sen comunicazón interior, é dormitorio, xeralmente de dous leitos nos que se arranxan todos durmindo xuntos a dous, a tres e a catro. O que é carpinteiro

eiquí traballa, o que é marifeiro eiquí garda a vela, e as redes, e os toletes, e os estrobos, e os remos. Nas casas millores teñen algúns retratos dependurados das paredes. As roupas gárdannas dependuradas dun pau horizontal que pende do teito. No faiado gárdanse as patacas e o cosco ou folla de millo pra botar no cortello. O grau gárdano no piorno (nas casas boas) que está pertiño do casal i é de pedra e madeira. Nalguhas casas teñen xenas ou cabras. Estruman con toxo e golfeiros ou algas. Aluméanse con candis de petróleo.

As casetas dan unha impresión probisima: dous ou tres pratos, unha tixola, uns trébedes, a alcuza do óleo, unha farrapeira pra cada leito, colchóns de follo, roupas das mais cativas e nengún adorno, mais todo moi limpo. Estrana non ollar santos nen imaxes relixiosas; na porta da cocíña, ao eisterior, teñen cravada unha cruz de pau contra as meigas, e mais ren; ás veces un rosario vello no testeiro do leito que ven se olla non foi usado fai anos.

A XENTE

Os tipos mais populares da illa son: o Calviño, o Marina, o Pisacán, o Mogueiro, o Gabilán, o Ripote, o Tupí, o Galleta, o Barandas, o Merdé, o Carroucho, o Chuchona, o Fentos, o Cocharelo, o Chalanas, o Vello, o Colón, o Serrán, o Pinche, o Crego, o Duque, o Gato, o Pisito, o Caxote e o Pareja. Casi todol os homes, vellos, mozos e cativos, teñen un alcume. A muller non-o ten endexamais.

Os nenos teñen conta do gando e axudan aos pais na pesca e nos traballos da terra. Non cantan nen xogan: son trisleiros de seu. De mozos gostan uns namoros breves, calados e castos, xeralmente entre parentes moi próximos. Os solteiros van de mozas xoeves, sábados e domingos e casan entre os 18 e os 25 anos, as mulleres casan entre os 15 e os 22 anos i é rarísimo que teñan fillos de solteiras. Podera darse un caso en moitos anos.

O tipo mais frecuente é outo, magro, esbelto, belo, mouro, de ollos pretos e brillantes, de boca grande e sensual, de cabelo como acibache. Non se topan xentes loiras, nen grosas, nen canas.

Son tristesos, pechos en si, receosos, desconfiados. Pra un forasteiro e moi dificultoso trabar conversa con estas xentes. As mulleres son de estraordinaria suspicaza, e visten sempre de preto ou cores escuras, cun pano na cabeza que ennudan na nuca ou sobre a testa. Traballan na terra de sol a sol, déitanse moi cedo e soio os domingos festexan facendo unha miga de conversa na taberna.

Os homes érgense con noite e saen ao mar; voltan de pesca ao meio día; xantan unha caldeirada e vanse a labourar na terra; cean unha cunca de caldo e déitanse. Cunha hora de noite nigen fica erguido na illa.

A maior riqueza do mar é o polvo ou *pulpo* que pillan de tres xeitos, sempre con dorna: *á vista* cando fica enribadas penedas na baixamar, entón cóllese un largueiro de pino no que vai unha brinca grossa que o apaña ao estar o polvo pastando nos mexillóns; *á liña* atando un caranquexo ao cabo dunha liña e turrando cando o polvo esta ben entretido a comer ledamento no caranquexo: a liña leva de peso unha pedra redonda que se chama *raña*; e *ao bicheiro*, ou sexa unha vara de madeira que remata nunha de ferro dunha vara de longa, torcida na punta en xeito de gancho, co a que se furga entre as penedas, no niño do polvo, hastra arrincar con ele.

Por ano os pescadores de Ons pillan uns 80.000 quilos de polvo; nun día teñen collido a 1.500 quilos, e algúns polvos de quince quilos e máis de metro e meio de longura. A medida pra a venda é a cubeta, que leva uns 6 quilos e Riobóo paga por ela a 3 pts. A *cube-*

ta divídese en catro partes que se chaman *castóns*. Riobóo, que monopoliza a compra do polvo, merca por día e paga por semán: tantas cubetas, tantos cartons e tantos meios cartons.

Os veciños de Ons son moi pacíficos e poucas veces pelexan; cando berran chámanse: castrón, cabalo, cadela corrida, putañeiro, xena e cheirón. Son moi bons marifeiros. Adivinan o mal tempo por que cantan as gaivotas por riba dos pedras, porque os *rañacús* ou estrelas de mar saen a tomar o sol e porque os merlos cantan nas silveiras, pois si cantan nos penedos e sinal de bón tempo.

Son moi pouco relixiosos; apenas rezan: soio os vellos algunha vegada botan unha



orazón ao deitarse. Non se apuran por bautizar aos nenos. Visitan aos agoñizantes e chóranos, pro ninguén reza por eles. Unha vegada por ano van en romeiría a Bueu e con esto fican satisfeitas as súas obrigas piedosas. Na diada dos mortos enareian e alumean as campas pro ninguén fica rente delas.

SUPERSTIZÓNS

Dou por certo que este é un dos recantos galegos onde mais supertizóns perviven.

Non se topa muller que non leve un dente de allo consigo, contra o mal de oílo. Ao que

ten unha man desartellada fan que a pouse no chan e lle pase por enriba dela unha meliza, mais sin o tocar. Ás preñadas, pra que desocupen logo e ben, berranlle, bátenlle, e póñenlle na testa un sombreiro ou pucho de home. Pra curar a eirisipela, lavan a faciana con sangue de cresta de galiña. Pra tirar unha berruga espichan unha babosa e déixana secar enriba da berruga, mais nun ano o doente non debe pasar por onde foi topada a babosa que o curou. Cando un neno se pon doente, embadúrnanlo todo de óleo. Cando a un se lle creba un brazo ou unha perna, despois de recomposto pol-o curandeiro dánlle a *bisma* que é unha masa composta de xofre, brea, sebo, óleo e augardente. As patas crebadas dos animás entablíñannas con pau de figueira, pois outra madeira non



presta. Curan a dór das moas fumando ou tamén facendo buchos de petróleo, e si a dór non rende poñen na moa podre un graude sal ou de sucre ou tamen unha cabeza de misto. Pra a dór de cabeza poñen na fronte cataprasmas de allo machacado con sal ou patacas crúas mondadas.

Cando entre moitos que pescan un non pillan ren, este xúlga que ten a sua dorna enmeigada i-entón vae de noite á praia a bareala cunha xesta hastra que se cansa. Aconteceu fai pouco que ninguén na illa pescaba; algúns veciños foron a Vigo, e trouxeron un bruxo que lle chaman o Mexilón e fixeron que el lles barease con xesta total-as dornas.

Cando nunha familia un pillan o mal de ollo queiman na casa xionllo, herba boa ou cal-

queira outra pranta cheirenta, posta nunha tella nova, virxen, recién saída do forno. Si un lle ten a outro mala lei vai a Beluso e trae un sapo, e ponlle na boca un anaco de roupa do malquerido; namentras o sapo teña a tea na boca, o veciño odiado anda sempre doente.

Cando ollan luz no camposanto é segura unha morte na illa. Endexamais poñen máns nun cadabre e soio con ollalo fuméganse con herbas cheirentas, ao chegar ao fogar. Nen pasan con noite rente do camposanto e aínda con día, procuran non pasar perto dele e non-o cruzan nunca.

Na illa —onde non hai parvos, nen tolos, nen cegos, nen sífilicos— abundan as febres gástricas, as eirisipelas, as escrófulas e a lepra. (1) Esta terrible doenza coídan que se cura pasando a man dun agofizante pol-a fronte do doente; maxinadevos, pois, o cispetacro dunha caseta onde alguél está a morrer: os carpídos dos parentes aflitos, os doentes arremuxándose pra coller aínda con quentura a man do agofizante, outros que fuxen pra que non os sorprenda a visión da morte, os cativos a laiar-se baixo do pendello....

Todos, mais ou menos, ollaron a Compañía mais ninguén quer describilla. Indo a xente en grupos soio un a pode ollar e os outros soio no caso de que o que está a vela lles toque. Acontecéulle ao fillo de Marcelina Vidal que indo eo a sua abóia esta viu a aparición mais o rapaz non daba ollala; a vella entón pisóulle un pé, e ao estabrecerse o contaito o rapaz viu tamén.

A veciña Ramona Domínguez Solla, de 67 anos, contóume que sendo o seu pai rapazote viña unha noite de espadelar no liño e traguía o espadaleiro na man; saíulle ao encontro un mico que meténdoselle entre as

(1) Véxase o curioso estudo do Dr. Guitián Lapido «Estado actual de la lepra en Galicia». Santiago 1934.

pernas non-o deixaba adiantar: ele batíalle co espadaireiro hastra que o crebou, mais o mico non fuxía e cada vegada daba mais na sua téima. Chegou a ter moito medo. Comenzou a berrar e o seor Pedro que o escoltou díxolle: é o trasno, dílle Xesús pra que escorrente. O mozo dixo Xesús tres veces e o mico liscou como un foguete.

Outro veciño, Fuco Otero, sempre que chegaba á casa topaba na porta un trasno que tiña posto un pucho de moitos côres. Andando o tempo ao trasno díulle por entrar no casal e brincar no leito do seor Fuco. Unha noite andaba a pelexar co trasno, que non-o deixaba durmir e na loita pillóulle o pucho. O trasno entón rompeu a chorar e axoellado pediulle que lle devoltase o pucho. Dóucho —asegurou o vello— si é que non me montas mais; noutro caso quéimo-o. O trasno xurou deixalo en paz, fóille devolto o pucho e non apareceu mais co-as suas brincadeiras.

Unha serán meu amigo o torreiro propúxome que fosemos saber da peneira. Aceitei gostoso; ceamos e, xa con noite andada, fomos os dous á caseta da Marceliña pra que nol-a botase. Costóunos o seu por que a muller non quería abrir; estaban xa deitados vella e nena nun leito e no outro a filla e mais o home. A vella receaba de min con medo de que fose con bulras, mais a final, colleu a peneira, suxetouna no bico dunhas tesouras abertas, puxo nela un dedal e un pente, ordenóume que maxinara no que gostaba saber advertíndome que si a peneira viraba era proba afirmativa, rezou non sei qué (non foi posíbel que m-o dixese) e logo dixo en voz outa: *Peneira, pol-a grasa de Deus e da Virxe María vírame a cara pra Don Alvaro*. E a peneira virou rapidamente.

LENDAS E CONTOS

«Unha vez Deus —cántame a cativa de sete anos Deloriñas Mendez— estaba agachado na beira dun camiño. Pasou un carreteiro e Deus díxolle: queresme levar? Mais o carreteiro respondeulle que non. Pois has andar sempre soio, díxolle Deus. Pasou outro, Deus pediulle se o levaba no carro, e o

carreteiro díxolle que sí. Deus entón asegurou: pois este ano terás moito millo. E o carreteiro colleu a mellor colleita, arranxou a caseta, e fíxose un dos mais ricos da illa».

O mozo de dazaoito anos Lelo Blanco contóume este outro sucedido:

«Eíquí había un rapaz que todol-os días fa ao monte co gando. Unha serán viu que por embaixo dunha laxe saílle unha cobra, mais tanto lle gostou que lle díu migallas do seu pan. Fíxéronse amigos e todol-os días xantaban o panciño xuntos, e o rapaz xogaba co-a cobra e agarimaba nela. O mozo foi ao servizo e cando voltou o primeiro que fixo foi correr ao monte pra ollar a sua cobriña: chegou alá, asubiu como costumaba outrora, e safu a cobra, mais tan longa, tan longa e tan grosa, que o mozo colleu medo. A cobra non recoñeceu ao rapaz, botouse a ele, ensarillóuno e matóuno. Mais cando o tiña morto reparou nele, reconocéuno e aflitá botouse ao mar e morreu afogada.»

Outro mozo —e sinto en verdada non lembrar o seu nome— contóume que no buraco dos mouros gárdase moito ouro e pedraria. Moitos veciños teimaron procuralo e alá foron cabar semáns enteiras, mais cando adiantaban un pouco no seu traballo por embaixo da terra, apagábase os lumes: é porque dentro moran os trasnos da illa que sopran total-as luces cando se xulgan descubertos. Nesta caba—díxome a vella de 68 anos Ramona Domínguez— a miña nora que andaba co seu gando a pacer viu un crego todo revestido cun bastón na man; a miña nora tremeu e berrou pol-o seu pai toda arrepiada, e o pai díxolle: non teñas medo miña filla que é un encanto.

O veciño de 75 anos Xosé López García contóume que estando de soldado na África soupo que un mariñeiro da Arousa escoltou a un mouro falar de tesouros; achegóuse a ele e o mouro díxolle en segredo que na illa de Ons había unha fonte chea de caracoliños de ouro. Cando voltou comprido, o mariñeiro aporveitou unha mañán que voltaba de pescar pra facer recalada na illa, e procurou a fonte. Encontrouna no lugar mesmo que o mouro dixera. Entón foi a Arousa, fretou unha dorna ben comprida e de noite voltou pra enchela de caracoliños: colléu

nos a mangados, e falles soprando un por un, i-encheu a dorna de ouro, facéndose milionario.

David Otero, de 60 anos, viu unha raíña penteándose na fonte do Gaiteiro: cobríase cunha capa de prata, tiña na testa unha croa de brilantes e o pente relucía como si fose de vidro.

Estando no Marrocos Bieito Piñeiro falou cun mouro que, ao decatarse de onde era nado, dixolle que en Ons había moitos tesouros. Ao voltar o Bieito correu toda a illa mais non topou ren.

Cando saía de palicar co-a moza Pepiño Vidal, de vinteseite anos, viu a Compañía que lle acenaba co-a man.

O fillo de Ramona Dominguez Solla andando a pescar pol-o Centolo choutou a te-

ben quente, hastra que fiquese duro. Logo córtase como si fose pan. Soamente se xanta no Antroído e na Páscoa.

Fillóas. Bátense hoves moi batidos e bótase-lles auga e fariña triga. Derrétese touciño na tixola e cando está a tixola disposta vense botando culleradas da masa feita que se chama *almoado*, e fanse como tortillas que logo se espolvorean de sucre. Xántanse cada mañán no almorzo.

Bandullo. Ponse a salar o bandullo do porco e logo, no Antroído, échese de almoada de compota moi cargada de hoves, métese no forno e déixase cocer hastra que fiquese como un queixo. Xántase cortado ás rebanadas, e gusta tanto que na illa din:

o peres-peres e mail o bandullo,
fan unha festa no cabo do mundo.

AS FESTAS

Na illa as xentes son pouco festeiras: na verdade festas non fan mais que unha i é a de Bueu. Mozos e mozas, vellos e vellas, son dunha tristura inmensa: falan pouco, visten de escuro, apenas cantan e cando o fan dánlle ás cántigas un deixo de infinda melanconía. Sábense por herenza leprosos, supoñen xa de nenos a súa morte e co-esta preocupazón pasan os anos. Non gostan de saíre endexamais da illa, na que por outra se xulgan probes, magoados, encheitos de total-as infeliciads mais por enriba de todo pensan — como no conto de Romero Blanco encol de Lidón — que como Ons non hai nada. Os mesmos namoros pásannos rapidamente e cunha castidade sen egoal. Acostuman decir que *dos biquiños saen os filliños*, e nen un beixo se dan: a moza ten de ire ao casorio hastra no pensamento virxen.

Merez destacarse, como a mais leda da illa, a festa da Páscoa.

De mañán, no abreinte, en cada fogar pónse a mesa, con manteis brancos e moito comestible de compota, galletiña, porco, figos, galiñas e mais resoleos e viños; no resto do ano soio beben auga. A mesa fica posta hastra o solpor.

Despois do meiodía van chegando os compadres e non falla nengún pois sería grande



rra pra coller unha pedra coa que fondear a dorna, e nun burato que hai por embaixo do castelo viu un boi moi grande cunhas cornas moi longuísimas, que ao soprar facía moito tronido. O rapaz tal medo colleu que se botou ao mar e por ben pouco non afoga.

XANTARES

Os xantares mais enxebres na illa son:

A compota. Bátense ovos, bótase galleta de pantrigo picada da que se merca en Bueu, fariña, sucre, cravo, comiño, canela, pementa e outras especias, unha cebola picada con prixel e touciño en rustrido e mais un pouco de nébeda. Ponse todo nunha caldeta e métese no forno a cocer ben, co forno

ofensa pra a casa. O compadre trae un pano branco collido pol-as catro puntas e gardado nele un roscón pra o afillado, e senón un bolo de pantrigo. Entrega o roscón e pasa á cocina: se o afillado é moi cativo e non pode coller o presente, este fica posto na mesa. Séntase a ela o compadre e come e bebe de todo o que haxa, na compañía da familia que lle dá conversa mais non xanta con ele. O orgullo da casa é, ao chegar a noitiña, ter os manteis todos pingados de viño.

De noite fáise a festa na taberna: os mozos beben e ofrecen viño ás rapazas que non aceitan, mais na galanteira disputa deixan suxarse de viño pra amosstrar na saída como foron tentadás insistentemente a beber.

RELAZÓNS XOCOSAS

Soiamente puiden recoller estas tres:

Lourenciño poucas barbas,
grandísemo belloqueiro,
non che acorda cando fumos
a redor daquel palleiro,
e no muiño no inverno
caímos peito con peito?
Pois seor Alcalde
o conto non tivo remedeo
pois sacamos un neno
grande como un becerro.

* * *

Elas eran tres comadres
en un barrio todas trés;
fixeron unha empanada
para ire ao San Andrés.
Unha xuntou trinta ovos,
outra xuntou trinta e tres.
Alá pol-a media noite
veu o marido outra vez
e pau nunha e pau na outra
e pau en todal-as tres.

* * *

Hai bo baile en Esteiro
mais co neboeiro
non se mira o sol.
Dixo o zapateiro
que é torto dun ollo

e coxo dos pés:
quen por cinco cartos
non baila hastra as dez?

CANZONEIRO

- 1 Téñome de ir a la Habana
co-as intenzóns de volver,
e si te alcontro casada
o sangue che hei de beber.
- 2 Marica berrou co xenro
na carballeira de embaixo
porque lle picou un toxo
que levaba no refaixo.
- 3 Ai si bebín si bebín pol o xerro,
ai si bebín si bebín fixen ben;
ai si bebín si bebín pol-o xerro
era de noite e non me viu ninguén.
- 4 Pra un abonda cun pau
pra dous traio unha navalla,
para catro valentóns
traio un revolver na faixa.
- 5 Todo o mal que me fixeches
has de m-o ter que pagar:
nin m-hei de casar contigo
nin ch-hei de deixar casar.
- 6 Ofrecícheme unha tunda
choqueiro de Redondela,
ofrecícheme unha tunda
e agora veño por ela.
- 7 Mórrome pol-a peneira,
mórrome por peneirar;
mórrome por ter amoros
na outra banda do mar.
- 8 As esfolladas do millo
non dan porveito a ninguén;
miña muller foi a ela
i-esfollárona tamén.
- 9 Agora que me puxeches
con a barriga redonda
ou has de casar conmigo
ou m-has de pagar a honra.

- 10 Eu pasei por Camariñas
por Camariñas cantando;
as nenas de Camariñas
quedan no río lavando.
- 11 Ao pasar as illas de Ons
acórdacheme meniña,
agora que van pasadas
coma si nunca che vira.
- 12 Desafío, desafío
desafío de navalla:
nunca fun a desafío
contigo cara labada.
- 13 Catorce voltas fixemos
para montar o Centulo,
e quixo a Virxe do Carmen
que viñésemos pra o Curro.
- 14 O día de San Manoel
hei de estrenar un vestido
do color do caravel.
- 15 Pica canteiriño pica,
pica na pedra miúda,
pica na muller allea
que outro picará na túa.
- 16 Como che vai en Cambados
co-as tuas cambadesas,
que eu tamén vou a Noalla
co-as miñas noallesas.
- 17 Vai dehi pernas de cabra,
pantorrillas de carneiro;
si queres falar connigo
busca fianza primeiro.
- 18 Aínda onte fun á feira
por mandato de teu pai
e vendín por vinte pesos
á porca de tua nai.
- 19 Bailador que andas bailando
sacude ben os calzóns,
que parece que traes neles
un ferrado de abellóns.
- 20 Adios a miña meniña
tocadora do pandeiro,

esas son as mazarocas
que me traes do fiadeiro.

- 21 Eu andar ando co gando
a herba non lla comín,
agora fanma pagar
magoadiña de min!

- 22 Pol-o mar de Redondela,
pol-o mar embaixo vai
quen no corazón me leva.

- 23 O loureiro da Portela
ten a folia revirada,
que lla revirou o vento
unha noite de xiada.



- 24 Aínda non me fas calar
co-a tua sabedura;
os cravos que necesita
xa llos dín á ferradura.

- 25 De noite fumos ao Faro
unha meniña e mais eu:
ela non sabía nada;
todo o traballo foi meu.

- 26 A vara de S. Xosé
todol-os anos frolece.
Viva S. Xosé bendito
que é un santiño que o merece.

- 27 Quen me dera voar tan alto
como a estrela do norte,

- para ver o que se pasa
en Sta. Uxía esta noite.
- 28 Eu ben cho dixeran meniña,
eu ben te desengañei,
dixente que era casado,
agora que che farei.
- 29 Ando tras do porco negro
que no corral non parece;
ese que roncou chi
él no roncar non parece.
- 30 O meu amor que ha de ser
aínda non veu acá hoxe.
—Si ha vir aínda non tarda
que ten o camiño lonxe.
- 31 Este ano hai moito millo,
casamentos que ha de haber;
hase de casar a fame
con a gana de comer.
- 32 O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira;
así fai a boa moza
cando non hai quen a queira.
- 33 O viño e mail-a silveira,
Deus o dea, Deus o dea
para os mocíños solteiros.
- 34 Para aquel que quero eu,
miña viña vendimada!...
para aquel que quero eu
xa non me sirves de nada.
- 35 Para que me casei eu,
solteiriña ben estaba;
falaba con quen quería
e ninguén me decía nada.
- 36 O caravel cando nace
chámanlle caraveliño;
tamén as fillas dos cregos
chámanlle ao pai señor tío.
- 37 Curazón alumiado
dime quen che alumiou.
—Unha nena de quince anos,
a dazaseis non chegou.
- 38 Pasei pol-a tua porta
pedín auga e non m-a deches;
cando pases pol-a miña
farei o que ti fixeches.
- 39 O loureiro cando nace
na punta ten un enredo;
o galán cando namora
nunca ten os ollos quedos.
- 40 O pandeiro está furado
pol-a esquiniña de enriba;
o galán cando é de noite
anda por perder a vida.
- 41 Unha noite no muiño
unha noite non é nada,
unha semaníña enteira
esa si que é muiñada.
- 42 Estas mocíñas de agora
son poucas e bailan ben;
en tendo unha saia nova
xa non falan a ninguén.
- 43 Esta miña pandereta
ten o aro de sanguíño;
tócana na Ribadavia
responde no Carballiño.
- 44 Carreira xa ten a sona,
Carreira xa a sona ten,
Carreira xa ten a sona
de cantar e bailar ben.
- 45 Chamácheme moreniña,
chamácheme moreneira,
chamácheme moreniña,
i-eche do sol que me queima.
- 46 Miña nai por me casar
ofrecéume bois e vacas,
dende que me viu casado
dóume unha cunca de papas.
- 47 Eu tirei unha laranxa
de Marín a Portonovo,
dentro daquela laranxa
fa o meu corazón todo.
- 48 A carreteira do Faro

- non a pasean chavales,
paséana marifeiros,
pilotos e capitanes.
- 49 María, miña María,
María non teño outra;
unha mañán de xiada
mandéina lavar a roupa.
- 50 Miña terra, miña terra,
terra donde m-eu criei,
terriña que quero tanto,
figueiriñas que eu prantei.
- 51 A tua honra meniña
xa pasou a Redondela;
si ma pagas a diñeiro
eu che direi quen a leva.
- bótalle retama verde,
bótalle verde retama.
- 56 Pasas por min e non falas,
lévalo de fantasía,
ti pensas que me das pena
e aínda me das alegría.
- 57 Unha vella dixo a outra
pol-o burato da porta:
ti governa a túa vida
que a miña nada che importa.
- 58 Aluméame luceiro,
luceiriño de fortuna,
aluméame luceiro
en canto non ven a lúa.
- 59 A lúa vai encoberta



- 52 Ergue o sombreiro pra enriba
que che quero ver a cara,
si non eres do meu gusto
anda, váite enhoramala.
- 53 Achégate ben a ela,
bótalle o brazo por riba,
que ha de ser a tua dona
como a auga vai pra riba.
- 54 O pandeiro está furado,
ben furado e colle vento,
o galán cando é de noite
non vai por perder o tempo.
- 55 A túa porta meniña
a túa porta ten lama,
- ela se descubrirá:
anque teñas amor firme
non lle contes a verdá.
- 60 Pasei pol-a túa porta
tiñas as bolas no forno;
a ladra da túa nai
metéume un pau por un ollo.
- 61 Si queres o desafío
mociña do pano ao curro,
si queres o desafío
heicho de dar ben seguro.
- 62 Eu non quero desafío
con ningún da túa ffa
quéroche decir palabra
que saía sempre por riba.

- 63 Un home de tantas rendas,
despois de tanto saber
que n-ha de tragner consigo
os avíos de encender.
- 64 Moza que te estás penteando
debaixo dun laranxeiro,
achanza ben os cabelos
e pende ben o carreiro.
- 65 O zapato quer a media,
a media quer o zapato;
a meniña que é bonita
tamén quer un mozo goapo.
- 66 Canta tí, cantarei eu,
irémolos dous cantando:
cante quen tiver amor
que os nosos vānse acabando.
- 67 Dican que non teño renda
para lle pagar ao Estado,
no pueblo de Sta. Uxía
teño un salgueiro prantado.
- 68 Eu non vou mais a Carreira,
a Carreira non vou mais
que se pican as areias
os amores moito mais.
- 69 Corrubedo non ten auga,
se non ten eu lla darei:
co-as bágoas dos meus ollos
Corrubedo regarei.
- 70 Unha vella nun corral
dun cuesco matou un polo,
e si se descoida un pouco
mata galiñas e todo.
- 71 Miña nai e mail-a tua
foron a unha romeiría;
a miña viña borracha,
a tua xa non se tiña.
- 72 Eu arriméime a un loureiro
por saber si era calado,
o loureiro e paroleiro
todo trae emparolado.
- 73 Eiquí nenas, eiquí nenas
arredor do meu sombreiro:
héivos de casar a todas
que teño moito diñeiro.
- 74 Pol-a miña porta pasa
un regueiro de auga fría,
para lle dar de beber
aos amores de algún día.
- 75 Mociñas que o tendes, dai;
eu cādo non tiña dei;
agora teño e non dou;
cando non tiver darei.
- 76 Dame unha pinga de viño
para mollar a garganta,
para cantar como a rula,
verás como a rula canta.
- 77 Canta rula, canta rula,
canta rula no teu soute;
que é o que estás esperando
pol-o que ten na man outro,
- 78 Á tua porta meniña
sementei o azafrán,
tamén sementei amores,
non sei si me nacerán.
- 79 Algún día por te ver
abrin portas e ventanas,
agora por te non ver
todas-as teño pechadas.
- 80 Eu caséime por un ano
por saber que vida era,
a vida non era mala...
solteiriña quen me dera!
- 81 Do teu corazón ao meu
vai unha longa cadea,
toda chea de suspiros,
branca com'unha azuzena.
- 82 Adeus Santa Uxía hermosa,
a popa te vou virando:
a saída será boa,
a volta Deus sabe cando.

83 Adeus as illas de Ons
con ventanas e vidreiras,
non me pesa de mais nada
senón das mozas solteiras.

84 Héime de casar en Loira,
que é terra de moito pan;
o forno da miña sogra
bota silvas pol-o vran.

85 Manoela, Manoela,
Manoela do piorno,
dime o millo que colleches
eu ben cho levo por conto.

86 Abreme a porta María,
ábreme a tua cancela,
bótame á filla pra fora
que quero falar con ela.

87 Eres negra com-o pote,
branca como a parromeira,
se non te casas de noite
de día n-hai quen te queira.

88 Unha vella moi ben vella
mais vella que o meu chapeu,
tratáronlle o casamento,
levantou as mans ao ceo.

89 Non te quero miña vida
non te quero agora mais,
que xa te botei no olvido
onde botei as demais.

90 Eu cantar cantaba ben,
a garganta non m-axuda,
heina de mandar untar
cunha laranxa madura.

91 Digamo vosté señora,
dígao vosté señoríña:
unha besta ben ferrada
cantos cravos necesita.

92 Adeus miña queridíña,
o mellor xa cho levei;
se non qués casar comigo
aínda cho estimarei.

93 De Xocellos vou ao fondo;
por causa dunha meniña
vou hastra o cabo do mundo.

94 Para outros vas ao fondo,
para min andas nadando;
o ben querer dunha moza
anda no comer do caldo.

95 Moreniña como a menta;
non sei que ten a morena
que a todo o mundo contenta,

96 Toda a noite pesca, pesca,
sen coller peixe no mar;
alá pol-a media noite
vin un peixe a rebrilar.



97 A sardiña pequeniña
como brinca no panel,
pequeniña e ben feitiña
esí quer ser a muller.

98 Carreteiriño das uvas
lévame no carro, leva;
comerémolas maduras.

99 Carreira era bunitiña
por onde lle daba o sol,
e por onde non lle daba
era da mesma color.

100 Pol-a ribeira de Vigo
moito choraba mi madre
cando me dixo: adeus fillo.

Veleiquí total-as cántigas que puiden recoller na miña xeira; percébase axiña, na intenzón erótica das unhas, na alusión a froitos que non se dán na illa das outras, que as mais delas son importadas rexistrán-

copras son cantadas a son de pandeiro, cun deixò pousado e melancóneco difrente das pandeiradas habituás.

Ficades cunha ideia de como é a illa de Ons? Que a podades confirmar desexo e que



dose no canzoiro de outros e moi difrentes logares galegos. Curioso é notar tamén como nestas cántigas abundan os castelanismos feito estrano nun lugar, como a illa, onde se fala o idioma patreo cunha limpeza maravillosa. Teño de sinalar tamén que total-as

da confirmazón vos fique, de por vida, esta lembranza agarimosa, esta saudade infinda que vai sempre comigo dende que tiver a sorte de mourar uns días na illa mais fermosa e cativante do mundo.



A XENERACIÓN DE RISCO

Por R. CARBALLO CALERO

Por moi nacionalistas que sexamos, a realidade da nosa integración en Hespaña rexe moitos dos nosos avatares, e a vida hespañola ten que ser termo de comparanza pra bó feixe de aspectos da nosa vida: se queremos falar con craridade i eisixindo o mínimo esforzo de comprensión. Eist, resulta cómodo e natural estabrecer até donde sexa posible un paralelismo antre o decorrer da cultura hespañola e o decorrer da nosa propia cultura. Unha xeneración tan interesante como a xeneración de Risco, ten pra nós unha sinificación semellante á ostentada pol-a chamada xeneración do 98 na cultura castelán. Craro que as coincidencias dependen do papel representado: as causas productoras das xeneracións son distintas. Antre nós non houbo a crisis nacional e histórica subseguinte á perda das derradeiras colonias hespañolas. A xeneración de Risco xurde máis tarde que a paralela xeneración castelán. Alvaro das Casas chama *os novecentistas* aos artistas e pensadores galegos aos que me estóu referindo.

A cultura galega contemporánea é un produto da convivencia de dúas xeneracións: A xeneración de Risco e a dos nados no primeiro canto do século XX. Non é frecuente que unha xeneración se estude con fondura a sí mesma. Pol-o que o estudo da xeneración de Risco corresponde facelo aos homes da miña xeneración. Pero a miña xeneración é inorgánica e revolucionaria, i esto esprica que se non coide de catalogar, situar e razonar a obra dos que non considera os seus mestres. Penso que falla un estudo de conxunto encol da xeneración de Risco, como non sexa o ensaio do propio Risco «Nós, os inadaptados». Mais eiséxesis do autor posterior ao ouxeto estudado, e por conseguinte dotado de prospeitiva, non o coñezo. Somentemente un estudante carregado de esencias tradicionalistas, com-o que escribe istas verbas, tencionou algo n-ise senso n-unha conferencia de Vigo rotulada «Ideas encol da xeneración de Risco».

Con esta denominación diseño ao conxunto de produtores espritoás galegos, cuia obra en cada campo, supón unha superación metódica inmediata da obra dos precursores. Iste conceito, alleo á idade do home, permite realizar a escolma necesaria. O dreito de Risco ao consulado epónimo somente poderá negalo a envexa. Il sinte mellor que ninguén a eistencia co leitiva de todos. E o filósofo da xeneración, o máis conscente dos seus membros. Unha especie de segredario xeral espritoal do seu grupo.

De xeito que antre os precursores e os novos están istes homes de que-nes falamos. De méritos moi desigoás. Uns verdadeiramente insignes;

outros encaramados á súa sona máis que por un propio valer extraordinario, pol-a benevolencia dos amigos, pol-a pobreza intelectual ambiente.

A xeneración de Risco é unha xeneración incompleta. Fallan representantes de moitas actividades culturais. Por exemplo, é unha xeneración que non fixo ren no terreo da música. Na pintura, a súa obra tampouco foi importante. Porque o máis famoso dos pintores de aquela idade, Sotomayor, cúa técnica faino da repetida xeneración, anque fiel ao tema e ao espírito galegos, carez de aquela adscripción vital á galeguidade que é cuasimente o miolo sustantivo de iste grupo de homes. No terreo científico, ista xeneración inicia o traballo moderno, europeo, na prehistoria, na filoloxía, na xeografía, no folklore, na xenealoxía, na biografía. Menos presentes están as ciencias naturás, porque os cultivadores das mesmas non soen sentir a emoción humanística do galeguismo. En xeral, é na literatura onde ista xeneración produz os seus máis granados froitos.

Fican fora de iste grupo escritores e investigadores galegos coetáneos, meritísimos algúns, cúa conceición do seu traballo con relación a Galicia non supera o senso dos precursores.

Anque unha das creacións máis importantes de ista xeneración é o nacionalismo galego, non todos os seus homes son nacionalistas. Algúns nin o son, nin simpatizan mínimamente con esta doutrina. Háí, pois, un subgrupo de nacionalistas. Tendo en conta que na hora da política non todos actuaron ortodoxamente; e mentras que uns permaneceron isolados e puros, outros seguiron a caudelos non galeguistas e por ahí andiveron desempeñando goberno civil baixo o bienio azanista. E dicir que uns, intransixentes, xulgaron sempre preciso non figurar n-outras fías que as do nacionalismo enxebre, mentras que outros botaronse a servir á República e a colaborar cos repubricáns, vendo na República e nos repubricáns algo máis que un medio pra conseguir as liberdades da Terra. Antre os nacionalistas destácase con singular relevo o cenáculo ourensán, ao que se refireu particularmente o estudo de Risco, «Nós, os inadaptados» e a novela de Otero Pedrayo «Arredor de sí».

A maioría de istes homes estiveron agrupados nas «Irmandades da Fala» e ao disgregarse istas, ou se refuxiaron en partidos políticos hespañoles ou permaneceron isolados, cultivando as súas disciplinas, até a fundación do partido galegista.

Espiritualmente ista xeneración é a do simbolismo. Un simbolismo lastrado de positivismo ás veces, de romantismo por ventura. Istes homes, denantes de descubrir o novo mundo mental do galeguismo creíanse cisnes, tiñáanse por super-homes. Aborrecían ao filistéu, ao burgués, ao plebeio. En fin nemigos da democracia, do liberalismo, da política, poseían as máis este-

ris ideas, as máis inúteis. Ben ollado, non servirán pra nada. Unicamente poseían espírito, e iste espírito revelánlles un día a verdade galeguista, que os salvou do esquecemento. Eisi se desprende das confidencias de Risco. Anque ise tipo de inadaptado, individuoalista, dandy, amante do eisótico, non parez caerlles ben a todos os homes da xeneración. Por exemplo a un marxista como Quintanilla, ou un paisán como Castelao. Máis ben se refire á xuventude dos escritores do cenáculo de Ourense. Porque non hai que esquecer que todo iste pesimismo, toda ista aristocracia, todo iste individualismo son anteriores ao momento en que a idea galeguista, como un *deus ex máchina* desce aos corazóns. Entón humanízanse aqueles maniqués e unha fonda emoción embázalles a ollada e un fogo de cordialidade e amor úneos co mundo galego. Do antigo ficanlles raras lembranzas, estranos coñecementos. Uns leerán o alfabeto sánscrito, outros saberán certos segredos de exiptoloxía, aquel conservará unha iniciación teosófica, e haberá quen faga horóscopos e haberá quen fale en macarrónico latín.

Ao meu xuício ista xeneración, a do segundo renacemento galego, representa un momento fundamental na historia da nosa cultura, e a súa obra, anque incompleta n-algúns aspectos e totalmente ausente n-outros, é, n-uns terceiros, importantísima. Na literatura, non é pequena gloria producir tres excelentes poetas, como o son Cabanillas, Noriega Varela e Taibo, ou un prosista extraordinario, como Otero.

E ista xeneración dóunos tamén un artista xenial, pol-a emoción galega da súa obra, pol-o seu realismo latexante, pol-o profundo senso social, pol-a ternura e a ironía: Castelao. Anque moitos mozos de hoxe semellán iñoralo, a nova xeneración non ten producido aínda nada ou casi nada que se poda comparar ca obra da xeneración de Risco. Os mozos non poden colocar ningunha figura a carón da do teorizador do nacionalismo galego. O único poeta de hoxe que parez ter asegurada unha permanencia clásica é Bouza Brey. E ninguén nin de lonxe sigue a Otero Pedrayo como émulo do seu arte de prosador. Somentemente no terreo das artes plásticas a nova xeneración parez competir coa procedente e alimentar esperanzas de superala. Craro está que a primeira xeneración do XX, aínda non fixo máis que encetar a súa obra; mais teñase en conta que a xeneración de Risco aínda non se rematou a súa. Se Castelao ou Asorey semellan ter chegados aos cumes das súas carreiras de artistas e non nos prometen superacións de si mesmos, Otero Pedrayo vive n-unha primadeira de creación e a súa mellor obra estáse incubando no futuro.

M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO

II VIENA

TOPONIMIA URBANA

As ruas vellas do pasado turrán por min. Por fronte ao domo, o Pazo Arzebispal, c'unha fia de fiestras de frontón. Paso por diante d'il por Rotenturm Sttasse, dou volta por Wollzeile, atopo ruas vellas con nomes vellos de cibdade antiga, de vida pretérita que un quixera en vao reconquerir: rua do Vinagre, rua dos Panadeiros, curro da Herba, mercado da Carne... Que houberan dito os concexás d'Ourense que lle trocáron o nome ás ruas por qu'eran semellantes a istes, se souperan que n'unha cibdade, cuio soilo nome é endeporsí unha evocación d'elegancia e distinción, ten no meio e meio ruas con nomes ordinarios e prosaicos.

Porque non son istes sementes, son moitos mais. Crar'está que pra min teñen mais evocación istes nomes e pol o tanto mais poesía, qu'os nomes de batallas e d'homens ilustres; mais pra iso son eu un ente estraçalario, anque precure as veces non parecelo.

Por alí me metín, andiven, reparei, sentindo unha vida mais perto da miña, ata que me metín pol os arcos da vella Universidade, atravesando prazas, páteos e pasadeiros con pequenas tendas e librerías d'esas que n'Ourense chamarían cousa provincia, ou aínda mais, de vila rural; tendas con cristaleira n'unha fiestra baixa e pequena, casas coas vidreiras pechadas, ruas sen ninguén; vida calada de tendeiros e artesans aconchegados onde os deixan, conservando no escuro, no esquecemento a dinidade do oficio, insuas de traballo honrado e homilde qu'aínda queda no mundo coma testemoio de cousas estífidadas e non por iso menos eternamente vale deiras, tráfico e traballo sen teoría, e por elo superando na práctica total-as teorías;

vida que teimosamente se nega a desaparecer, segura da súa verdade contra de todo o que dicir se poida, anque a corrente balbordeira, da modernidade efímera a vaía botando pra un lado, no seu devalar cara o aniquilamento.

Pra que se vexa qu'a toponimia ten un senso, e non é sementes filoloxía e linguística, senon o que val mais que toda outra cencia: símbolo e non símbolo inventado, coscente, nacionalista, senón símbolo de seu, resultante da natureza das cousas, fala da historia, fala de Deus.

RUAS

Despois, por Schönlaterngasse, cheguei á casa de Correios. Tiña que precurar a Briefbewahrung, por se tiña carta. Atopeina. Aquelo estaba moi ben e moi limpo. Salíña pequena, c'un mostrador no fondo con reixa dourada. Empregados finos e cortesés. Sen amosstrar pase nen nada, déronme a carta, pagando dez groschen.

Chegueime logo á Schwenden Platz, qu'está na beira do canal do Danubio. Lugar animado e ledó. Cafés con terrazas cheas de gente, en cadeiras pintadas de branco. Señores elegantes, rapazas lindas e ben fardadas.

O andar un soilo por istes sitios chega a aborrecer a un, é certo; mais tamén ten de bó o ir por ond'un quer, sen obriga de ver o qu'a un ll'amostren. Sen conversa nen parola ociosa, aproveita un mais o qu'ouservá. Un aforro d'energía permite a un de se concentrar no que ll'intresa, embora deixe un moito por ver. Ademais, o gusto de camiñar á boa de Deus, por onde cadre. Logo qu'a sordade é sempre discipriña. Faise un mais home.

(continúase)

M I S C E L A N E A

NOBLES QUE DEFENDERON A RAIA PORTUGUESA
ANTRE O LIMIA E O MIÑO NO ANO DE 1762

«Compañía de las villas de Celanova y Allariz, segunda de los nobles de a pié de la Provincia de Orense que deveran concurrir a guarnecer la Raia desde el margen occidental de Limia asta el oriental de el Miño, Según la primera.

CELANOVA:

Don Jph. Agustin Enrriquez, Gefe.
Pedro Gutierrez.
Bernardo Sanchez.
Gerónimo Diaz.

ALLARIZ:

Don Lorenzo Feixoo.
Jph. Miranda.
Jph Gill.
Simon Losada.
Bernardo Losada.

MILMANDA:

Don Juan Francisco Vello.
Gerónimo Vello.
Tomás Bergara.
Francisco Araujo.

SANTANA:

Don Francisco de Puga.
Jph. Ruiz Feixoo.

RAIRIZ DE VEIGA:

Don Antonio Feixoo.
Agustin Feixoo.
Luis Albarez.

Francisco Lopez.
Manuel Lopez.
Bartolome do Pazo.
Bautista Sandias.
Simon Suarez.
Antonio Gomez.

SANDIAS:

Don Amaro do Pazo.
Tomas Feixoo.
Jph Sandianes.
Domingo de Limia.
Benito de Limia.

VILLANUEVA DE LOS INFANTES:

Don Juan de Limia.
Manuel Enrriquez.
Jph. Benito de Castro.

CELME:

Don Jph Cadorniga.
Gill Salgado.
Pedro Villamarin.
Francisco de Vaños.

BANDE:

Don Manuel Blanco.
Agustín Perez.
Manuel de el Castillo.

SABUCEDO DE LIMIA:

Don Pedro de Losada.

LOVIOS:

Don Jph Carlos.
Juan Antonio Diaz Teijeiro.

VILLARINO DE CAMPO:

Don Jph Antonio de Noboa.
Gregorio Feixoo.

ARNOYA:

Don Jph Balbuena.

ESPINOSO:

Don Melchor Varela.

Francisco de Novoa.

AGUASANTAS:

Don Jacinto de Puga.

SEIRO:

Don Francisco Feixo.

MERIZ:

Don Andrés Colmenero.

GROU:

Don Antonio Lopez.»

XAQUIN LORENZO.

O CASTRO DO SAN LOIS

O día trinta de xaneiro último, os alumnos da cátedra de Historia do Instituto de Noia fixemos unha excursión ao monte de S. Lois, na serra do Barbanza, que dista uns dous kilometros de esta vila na dirección S. W. Pol o noso altímetro o monte ten 280 metros de outura.

Eli topámonos cun castro do que non se fala no estudo dos Sres. Cuevillas e Bouza Brey, e penso que en ningunha outra parte, e por si o queren vir a estudar vou a falar del. Este castro ten tres muradelas apartadas uns vinte metros unha da outra, e as tres escalonadas e casi concéntricas, e nunha delas

vese onde estuvo a porta. No último recinto, ou sexa o mais pequeno, hai muradelas de casas en ruiñas e vese moi ben a planta da antiga capela do San Lois que foi esborrallada fai moitos anos, cando os veciños de Boa viñeron a levar o santo pra a sua parroquia.

Cóntanse moitos contos deste castro.

Na falda deste monte foi encontrada no ano de 1913, pol o canteiro Manuel Romaní Romaní, unha lanza de ouro que estaba debaixo dunha laxa, entre terra de carbón. Esta lanza viuna D. Eladio Oviedo Arce e gustoulle moito.

FERNANDO BLANCO ABEIJON.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

O ESTUDO DA LINGUA
GALESA NAS ESCOLAS.

Do *Bulletin du Bureau international d'Éducation* de Ginebra, 2.º trimestre 1934, collemos a nota seguinte, intresante

pra o asunto do bilinguismo na escola, tan preciso en Galiza:

«Foi en 1907 cando o Departamento galés criado no *Board of Education* deuse coma tarefa o propugnar o estudo da lingua galega nas escolas primarias e secundarias.

A súa relación de 1927, tidoado «O Galés no ensino e mais na vida», tuvo un inmenso éxito de venda no País de Gales. Actualmente o galés é, deica os 8 ou 9 anos, a única lingua do ensino en caseque todos os distritos onde é a lingua corrente da poboación. A esta idade encoménzase, pol-os métodos modernos, un ensino intensivo do inglés, sen que o estudo da lingua materna sexa abandonado. A saída da escola aos 14 anos, os nenos son bilingües, fílan e escriben as dúas linguas coa mesma facilidade. No 90 por cen das escolas secundarias do Principado, o galés figura no programa sexa coma primeira, sexa coma segunda lingua, e perto de 3.000 alumnos sufriron o ano derradeiro o ensamen de galés previsto no certificado de fin d'estudos. A Universidade do País de Gales ten 4 cadeiras de galés; en 1932, 100 licenciados entre 600 escolleron o galés coma un dos ramos pra obter a licenza. En todas as Escolas Normales, así coma nas seicións pedagógicas dos catro colegios universitarios que compoñen a Universidade do País de Gales, figuran no programa os cursos de galés».

JOHON MEIER E HOFFMANN-KRAYER.

O 14 de San Xohan e o 5 de Natal, d'iste ano, son as datas de cumpriren os seus 70 anos dous ilustres e sabios folkloristas suízos: os Profesores John Meier e Eduardos Hoffmann-Krayer, respectivamente.

O Dr. John Meier, profesor en Basileia, hoxe en Freiburg im Breisgau, dirixiu de 1905 a 1912 a Sociedade Suíza das Tradicións populares, e a il débense, ademais dos seus escritos, o Arquivo dos contos populares de Suíza (13.000 números) e a parte da Suíza no moimental Atlas do Folklore alemán.

O Dr. Hoffmann-Krayer, profesor na Universidade de Basileia a quen tivemos a honra de coñecer persoalmente foi o fundador da Sociedade enriba menzoada, da súa revista: *Schweizerische Archiv für Volkskunde*, que leva publicado 34 volumes, e foi o que deu a discipulía que cultiva o prestixio e o creto d'un importante ramo centífico. Fundou tamén a Seición d'Europa no Museum für Völkerkunde de Basileia, onde recolleu cousas suízas e d'outras terras europeas. Dúas importantísimas publicacións están ademais ao seu cárrago: o Dr. Hoffmann-Krayer dirixe o manífeco Dicionario das supersticións alemás (*Handwörterbuch des deutschen Aberglaubens*), que vai no 6.º volume, obra en que colaboran os millores autores da lingua germánica, e do mais outro valor pra estudos de folklore, historia das relixiós, e discipulías co elas relazoadas. E pol-a súa parte, publica aínda Hoffmann-Krayer a

Volkskundlichen Bibliographie, anuario bibliográfico do Folklore, de carate internacional, onde recolle total as publicacións de libros e revistas referentes á materia. D'esta bibliografía van publicados 12 anuarios.

Reciban os ilustres investigadores o homenage admirativo e cordial de NÓS. - V. R.

LIBROS

AS TELHAS DO TEU TELHADO (Nota etnográfica) por J. R. Santos Junior. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, VI. Compostela 1933-34.

MOITAS son as cantigas en que figura o motivo que serve de tído ao traballo do Prof. Santos Junior. O A. reúne 61 cantigas portuguesas de esta caste e fai un estudo das virtudes que o pobo concede ás tellas.

Podemos ver n'iste traballo unha mostra mais da grande identidade existente entre o folk lore de Portugal e o da Galiza. Moitas das cantigas que aparecen n'iste traballo atopámolas tamén eiquí.

Sinalase, non obstante, unha curiosa diferenza. Na Galiza, case non teñen as tellas aplicación medicinal; téñena, en troques, e grande, en certas prácticas supersticiosas, coma por exemplo, pra faguer cambiar a dirección do vento virando certas tellas cara arriba n'algúns capelas.

En Portugal, pol-a contra, aparecen as tellas abundantemente empregadas na medicina popular e tamén coma ofrenda a certos santuarios, tellas estas que sementes teñen virtude cando son roubadas de calquer casa que non sexa a do ofertante. Estas ofertas de tellas fanse, xeralmente, pra obter o remedio de certa enfermidades, varias das coales estuda o A. Tamen pra remedios se empregan directamente as tellas, reducindoas a pó.

A orixe de iste remedio non é de hoxe. O A. cita a Gil Vicente e a Camilo, nos que aparece, coma cousa xa sabida, a importancia que na medicina teñen as tellas.

O A. vé, no seu emprego, un simbolismo. A xente empregaas porque elas significan a súa garda contra a chuvia e o frío; significan a súa oferta á familia; significan o seu descanso nas labours de toda a vida.

Intresante traballo, feito de xeito maxis-tral pol-o ilustre etnógrafo e arqueólogo.

X. L. F.

REVISTAS

ALENTOS, Boletín de estudos politécos, Santiago, 1 e 2, Xullo-Agosto, 1934.

SUMARIO: *Primeiras verbas.* - Galiza nun libro catalán. - Nacionalismo galego, Vi-

cente Risco.—*Poliorama da Triple Alianza*, F. F. del Riego.—*Cataluña e a lei de cultivos*.—*Diario dunha viaxe de nacionalistas Galegos*, A. das Casas.

Alento é unha revista escrusivamente política, mais tamén escrusivamente doutrinal, que trata os problemas de Galiza, da Hespania e do mundo dende o punto de vista do nacionalismo galego, mais enteiramente fora de todo partidismo de calquera caste, sen adscripción a ningún grupo nen programa político, e aínda sen referencia ningunha a persoas, partidos ou entrecuencencias políticas de momento. D'iste xeito, esta revista, que facía falla, resulta, á súa maneira, unha revista de cultura superior, que pode xogar un bon rol, sabendose manter no ton doutrinal e alonxada das loitas do noso tempo. Desexámoslle que sepa seguir a súa liña.

N.º 3, Setembro, 1934.

SUMARIO: *Editoriais*.—*Nacionalismo galego*, Vicente Risco.—*Apuntes en coi do Tribunal de Garantías*, Xohan Brañas.—*Un arte da Terra*, Lois Seoane.—*Cronecas: Valenza, Baleares*.—*Diario dunha viaxe*, A. das Casas.

N.º 4, Outono, 1934.

SUMARIO: *Dintel xurídico-político da nación galega*, F. F. del Riego.—*O men galeguismo*, P. Pedret Casado.—*Cousas do centralismo*, Ramón Villar Ponte.

LOGOS, boletín católico mensual, n.º 42 Pontevedra. Xuño 1934.

SUMARIO: *Letras de loito*.—*O Cardenal Francisco Ehrle*, P. L. G. Canedo (O. F. M.).—*Estampas composteláns*, Xesús Carro.—*A espiritualidade dos Cancioneiros*, P. G. Placer (O. de M.).—*A Ermida de Areas, no Ribeiro*, A. das Casas.—*Novas da nosa Galicia*, S. A.

N.º 43, Pontevedra, Xullo, 1934.

SUMARIO: *A parroquia dos ermos*, R. Otero Pedrayo.—*Nosa Señora do Portal*, Victoriano Taibo.—*A Biblioteca pública de Pontevedra*, Enrique F. Villamil.—*A espiritualidade dos Cancioneiros*, P. G. Placer (O. de M.).—*Bibliografía*.

BROTÉRIA, agosto-Setembro, 1934.

SUMARIO: Mariano Pinho, *A Acción Católica e a Familia*.—A. Rocha, *Dilatando a Fé e o Imperio*.—Domingos Mauricio, *O Car-*

dial Ehrle.—J. da Costa Lima, *Primor francés*.—Manuel Vicenle Moreira, *Assistencia e educación maternais e infantís de uma zona pobre de Lisboa*.—E. Jombart, *Documentos da Santa Sé*.—J. C. Augusto de Miranda, *Uma introdução à filosofia indiana*.—*Revista de Revistas*.—*Bibliografía*.—*Obras recibidas*.

Outubro 1934.

SUMARIO: Paulo Durão, *Pseudo Helenismo Literario*.—Barão de Vitalba, *As missões religiosas no Ultramar*.—Mariano Pinho, *Economía Oganizada*.—J. da Costa Lima, *A Lição do Imperio*.—Armando Mattos, *Tes temunho heráldico*.—Dias de Magalhães, *San Paulo, Teixeira de Pascoaes e a Crítica*.—*Sob o sinal da Cruz*.—João Serafim Gomes, *Subsídios para o Vocabulário Português*.—*Revista de Revistas*.—*Bibliografía*.—*Obras recibidas*.

Novembro, 1934

SUMARIO: Neves Monteiro, *O cavalo de Troia em Ginebra*.—Riba Leça, *Algo mais sobre Eugevismo*.—Serafim Leite, *Colonização dos Portugueses no Brasil*.—J. da Costa Lima, *Pintura de génios*.—Cortes de Leira, *M. P. Baptista, Orientação pedagógica*.—E. Jombart, *Documentos recentes da Santa Sé*.—*Revista de Revistas*.—*Bibliografía*.—*Obras recibidas*.

Dezembro, 1934,

SUMARIO: Pedro Hispano, *A embaixada ao Brasil*.—***, *Trotsky*.—Paulo Durão, *O «Auto de S. Antonio» por Alonso Alvares e uma interpretação recente*.—Serafim Leite, *Por comissão de Manuel da Nóbrega*.—Armando de Mattos, *A margem da Numismática*.—Luis Gonzaga de Azevedo, *Interdito de 1258*.—A. Alves da Cruz, *Notas sobre a língua «chinsenga»*.—Dr. Afranio Peixoto, *Recepção da Academia Brasileira de Letras ao Sr. Cardial Patriarca*.—*Revista de Revistas*.—*Obras recibidas*.

REVISTA DE CULTURA, Rio de Janeiro, Julho, 1934.

SUMARIO: *Rimance*, Dr. Agostinho de Campos. — *Todo o mundo e ninguém*, Gil Vicente. — *Citações portuguesas celebres*, doctor Antenor Nascente. — *Microcosmo*, Carlos de Laet. — *A these da Infanta nas lyrícas de Camoëns*, Dr. José Maria Rodríguez. — *O Bispo de Olinda perante a História*, Antonio Manuel dos Reis. — *Soneto Benção*, Dr. Pe-

dro Homem de Mello.—*Callistrato jornalista*, José de Mesquita.—*Bibliographia*.

Setembro, 1934.

SUMARIO: *O Cardeal Ehrle*, P. Domingos Mauricio S. J.—*Independência literaria e da lingua*, Dr. Antenor Nascente.—*Microcosmo*, Carlos de Laet.—*O bispo de Olinda*, Antonio Manuel dos Reis.—*Circulo operario pelotense*.—Soneto: *Deserto*, Dr. Pedro Homem de Mello.—*Notulas*, Dr. Agostinho de Campos.—*Bibliographia*.

Agosto, 1934.

SUMARIO: *A predestinação de Santo Ignacio*, Don Joaquim de Oliveira.—*Microcosmo*, Carlos de Laet.—*Paginas de Menina e Moça*, Bernardim Ribeiro.—*Caravela ao mar*, Dr. Agostinho de Campos.—*Epiphania Dias*, Dr. E. Rebello Gonçalves.—*O bispo de Olinda*, Antonio Manuel dos Reis.—*Poesias*, Dr. Pedro Homem de Mello.—*Bibliographia*.

Outubro, 1934.

SUMARIO: *A mocidade e as letras*, Desemb. José de Mesquita.—*O polyglota Cardeal Mezzofanti*, Jorge Bertolaso Stella.—*Microcosmo*, Carlos de Laet.—Soneto: *Anul da seria*, Desemb. José de Mesquita.—*O bispo de Olinda perante a historia*, Antonio Manuel dos Reis.—*Congresso Eucharistico de Buenos Aires*, Dr. Ernesto Tornaghi.—*Notulas*, Dr. Agostinho de Campos.—*Bibliographia*.

BOLETIN DEL SEMINARIO DE ESTUDIOS DE ARTE Y ARQUEOLOGIA, fascículo V, Valladolid, 1934.

SUMARIO: Movimiento del Seminario: *Escursiones realizadas*.—*La película del Crucero*.—*El Curso de Iniciación de Estudios Griegos*.—*La organización de las sesiones Culturales pro Viaje a Grecia*.—Colaboración: N. Fuster, *Las excavaciones en Ras Siagha*.—F. Arribas, *Simón de Colonta en Valladolid*.—M. Alcocer, *Las fortalezas del reino en los siglos XV y XVI*.—Cuadernos de trabajos: A. Tovar, *Papeletas de Arte Mudéjar Castellano*, III, *Iglesias de Olmedo, Mojados y Alcasaren*.—J. Supiot, *Id sobre orfebrería bárbara, Hebillas de cinturón visigodas*, II, *Hebillas de placa rigida*.—Carmen Orbaneja, *Id de orfebrería castellana: Cruz procesional de San Salvador de Peñafiel*.—F. Ruiz, *Un busto romano hallado en Jamilla*.—J. P. Villanueva, *Tres tablas de Morales*.—C. Serrano y J. Barrientos, *La*

estación arqueológica del Soto de Medinilla.—C. Alvarez Terán y M. González Tejerina, *Papeletas sobre artistas y menestrales castellanos*.—*Archivo de Protocolos*.—*Varia*.—*Revista de Revistas*.—*Bibliographia*.

LA NOSTRA TERRA, Mallorca, Número extraordinario, adicado a Ramón Llull (agosto - setembro - outubro).

SUMARIO: *Ramón Llull: Cant dels tres donzells*.—*Cant de Zacaries*, J. P.—*Perles lul·lianes*, Maria-Antonia Salvá.—*Mallorca en temps de Ramón Llull*, Elvira Sans.—*La fecunditat de Ramón Llull*, Carles Cardó, pvre.—*La teoria lul·liana de les marees*, M. Massutí i Alzamora.—*La consolació dels venecians*, Llorenç Riber.—*L'esperit cavalleres en la producció lul·liana*, Tomás Carreras i Ariau.—*A Mallorca en el VII centenari de Ramón Llull*, Guillem Colón.—*Notes marginals al «Llibre d'Amic e Amat»*, Bartomeu Forteza.—*Reparació tardana*, L. Nicolau d'Oliver.—*Ramón Llull: la vida i les obres*, Miguel Ferrá.—*Dues crisis en la vida de Ramón Llull*, Joan I. Valentí.—*El joglar del valor*, Antoni Pons.—*L'enterrament de l'amic*, Miguel Forteza.—*El sepulcre de Ramón Llull*, Antonio Gimenez.—*Dins l'albada del renaixement lul·lià*, Francesc Sureda Blanes.—*La irradiació estètica de l'obra lul·liana*, Guillem Forteza.—*Lull i l'infant*, Josep Ensenyat.—*L'orient i Ramón Llull*, Joan Mascaró.—*A l'entorn de les proves documentals del martiri de Ramón Llull*, P. Andreu de Palma de Mallorca, O. M. Cap.—*L'edició de las obres originals del mestre*, Salvador Galmés.—*Grandesa i dissort de Ramón Llull*, Joan Pons i Marqués.—*Reculls de Fora*.—*Noticiari*.

Iste número, comemorativo do VII centenario da nacementa do gran filósofo, poeta e santo mallorquín Raimundo Lulio, trai 148 páginas e traballos d'un grande intrínseco pra o estudo da obra ingente do gran Doutor franciscano, que foi un dos mais ergueitos luminares do pensamento medieval, que mereceu que lle chamaran o Doutor Iluminado. E'un número verdadeiramente fermoso e digno de leitura.

Novembre, 1934.

SUMARIO: *Després de la revolució*.—*L'inútil sacrifici del Gorg Blan*, Josep Sureda i Blanes.—*Nit entre ruïnes*.—*Evocació Notturna*, Miguel Dolç.—*L'estat actual del problema de les ones de marea interna*, Francesc de P. Navarro.—*Els llibres*.—*Les arts*.—*Reculls de fora*.—*Noticiari*.

SUDETENDEUTSCHE ZBITSCHRIFT
FÜR VOLKSKUNDE, Prag,
1934, 4 Heft.

ALFRED VON Klement, *Das Lied von bösen Frauen*. Hans Houti, *Zum Märchenmotiv vom Räuber im Sarge*.—Wenzel Stiasny, *Volksmedizin in Westböhmen*.—Dr. Egon Lendl, *Sudetendeutsche Wolkssplitter innerhalb des ungarländischen Deutschums*.—Leopold Gotschlich, *Der nordmährische Mundartdichter Richard Sokl*, Richar Zeisel, *Kaiser Franz Josef und der Bauer*.—A Paudler zum Gedenken. —Atlas der deutschen Volkskunde. —Kleine Mitteilungen, etc.

BOLETÍN DE LA ACADEMIA GALLEGA
Cruña, 11 Agosto, 1934.

SUMARIO: *.*.—*Lineas de evocación: Ante el nuevo homenaje al autor de «Aires da miña terra» y «O divino Sainele»*.—Inauguración del monumento a Curros Enríquez: Llegada de S. E. el Presidente de la República. El acto inaugural. Discurso del Presidente de la Academia Gallega. Discurso del Alcalde de la Coruña. Discurso de S. E. el Presidente de la República. Sesión celebrada por la Academia Gallega para recibir al Sr. Alcalde Zamora como Académico de Honor. —La gestión del monumento. —Colección de Documentos históricos.

BOLETÍN DE FILOLOGIA Lisboa,
tomo II, fascículo, 4.

SUMARIO: Joseph M. Piel, *Os nomes germânicos na toponímia portuguesa*.—Rodrigues Lapa, *A «Vida e feitos de Julio César»*.—Armando de Lacerda, *Fonética experimental. A delimitação articulatória dos quimogramas*.—João da Silva Correia, *Associação vocabular natural*. —Libros e revistas.

REVISTA DE GUIMARÃES,
abril-junho, 1934.

SUMARIO: *Cartas de Martins Sarmiento ao Padre Martins Capela*.—A. Tiburcio de Vasconcelos, *Coleção de estampas e índice de gravadores*.—Augusto César Pires de Lima, *Autobiografia de um monge de San Bento*.—Alberto V. Braga, *Curiosidades de Guimarães*.—Adriano Rodrigues, *Um tipo minhoto popular*.—João Lopes de Faria, *Velharias Vimarauenses*.—A. L. de Carvalho, *A minha Terra*.—Conferência.—Boletim.

BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA.
1934, cuaderno V.

SUMARIO: *El Paisatge en la literatura Valenciana*, Angel Sanchez Gozalbo. —*Une tentative d'expropriation littéraire*, Am. Pagés. —*Els «Amics de l'Art Vell»*, Joan Sacs. —*Coged, coged las rosas*, Francisco M. Delgado. —*Carta puebla de Almazora por Jaime I Almazora*, P. Ramón de Maria. —*Desig*, E. Soler Gordes. —*«Mestre Jacme Roig» y Baltasar Bon*, Adolfo Salvá Ballester. —*Impressió*, Enric de Moro. —*La Rambla de la Viuda*, Gimeno Michavila. —*Solitud*, Lluís Guarner. —*Notas bibliográficas*.

Cuaderno VI.

SUMARIO: *La Rambla de la Viuda*, V. Gimeno Michavila. —*Montanya*, Lluís Guarner. —*La humilde grandeza de Silvio Pellico*, Luis Revest Corzo. —*Pintures rupestres al barranc de la Gasulla*, Joan Porcar. —*La Biblioteca, singularment la Popular, en funció de divulgadora de la cultura*, Rafael Raga Miñana. —*Una excursió a las cuevas de la «Mola de Remigia»*, Angel Sanchez Gozalbo. —*Notas bibliográficas*.

ARCHIVES SUISSES DES TRADITIONS
POPULAIRES, tome XXXIII
1 e 2.º cahier Basileia, 1934.

SUMARIO: E. Hoffmann-Krayer, *John Meier zum 70 Geburtstag*.—Bernhard Schmid, *Wistshausnamen und Wistshausbilder*.—R. O. Frick, *Quand Phirondelle était toute blanche*, Gertrud Züricher, *Festliche Anlässe im alten Thun*.—*Mélanges*.—*Comptes-rendus*.

Tome XXXIII, 3 e 4.º cahier,
Basileia, 1934.

SUMARIO: H. Bächtold-Stäubli, P. Geiger, *Eduard Hoffmann-Krayer zum 70. Geburtstag*.—Fritz Sarasin, *Die Anschauungen der Völker über Eche und Junggesellentum*.—John Meier, *Das Tansied der Tänzer von Kölbigh*.—Gian Bundi, *Gieri la Tscheppa aus dem Bündnerischen Schamsertal und seine Märchen*.—Max Oechslin, *Aus dem Urner Älplerleben*.—*Mélanges*.—*Comptes-rendus*.

UNIVERSIDAD DE LA HABANA
Julio-Agosto, 1934.

SUMARIO: *La reconquista de la autonomía*, Raul Roa—Filosofía y sociología: *El pro-*

blema agrario mejicano, Manuel Ruiz Mi-
yar.—El sistema Samkya, Luis A. Bu-
ralt.—El tema de la Felicidad y el problema
social, J. Varela Zequeira.—La crisis de la
legalidad, Emilio Menendez.—Literatura:
Leonardo, Aurelio Boza Masvidal.—La dra-
matica de Montalvo, Roberto Andrade.—El
dictador, (drama inédito), Juan Montalvo.—
Virgilio y la poesía nueva, Augusto Arias.—
Elegía y tercer poema de una voz, Antonio
Martínez Bello.—Filología: El simbolismo
en el lenguaje, Alicia Mc Carthy.—Lívio
Andronico, traductor de Llómero, Guiseppe
Favole.—Medicina: Homenaje a Pasteur
en el cincuentenario de la primera inocula-
ción antirrábica, Honoracio Abascal.—Vida
Universitaria.

Número de Septiembre-Octubre, 1934.

SUMARIO: Unamuno en Norteamérica, War-
ner Fite.—Prólogo de un libro sobre Ben-
jamín Constant, Gregorio Marañón.—Arte y
civilización, Emerson Swift.—El Dictador,
Juan Montalvo.—Crítica y colonización,
José María Chacón y Calvo.—Una interpre-
tación de Norteamérica, José Antonio Ra-
mos.—La crisis de las élites, Mowat.—Los
grandes geógrafos franceses contemporá-
neos, Salvador Massip.—Una nueva concep-
ción del mundo y una nueva ciencia de la
naturaleza, Emilio Fernández Camus.—As-
pasia, precursora de la mujer moderna,
Juan José Maza y Artola.—Un notable he-
braizante, Juan Manuel de Dihigo.—Vida
Universitaria.—Bibliografía.

JURÍDICAS Y SOCIALES, revista
universitaria, Director: Juan
F. Moia, Buenos Aires,
Julio-Agosto, 1934.

SUMARIO: Dr. Leonardo Viola, Responsa-
bilidad administrativa de los Gobiernos
revolucionarios.—Carlos Linares Quintana,

Contralor protocolar de intrínseco.—Julio
A. Verón La endocrinología y la ciencia pe-
nal.—N. Thomas, Mariano Moreno.—Sigfri-
do A. Radaelli, La política portuguesa en el
Río de la Plata (1806-1809).—Pablo Tisch-
kovski, Introducción al neocriticismo for-
malista de Stammler.—Legislación.—Juris-
prudencia.—Índice de colaboraciones. etcé-
tera en diarios argentinos.—Bibliografía.—
Noticias de la Facultad.

PORTVCALE Maio-Junho 1934.

SUMARIO: Uma linda Cantiga do século XII
J. J. Nunes.—Velhas mentiras, versos de
Abilio de Mesquita.—Carta, David Lo-
pes.—Conduzindo o rebanho, quadro a óleo
por Silva Pôrto.—«A largueza do Reino de
Deus» e «De que espírito somos», por J. Al-
ves Correia, Severo Portela.—Inéditos e au-
tógrafos.—Idealismo e misticismo, Emanuel
Ribeiro.—Ainda a batalha de Ourique, Vic-
toriano José Cesar.—Varia.—Bibliogra-
fia.—Novidades.—Índices de livros.—Lei-
ões de livros.—Res et verba.

Julho-Agosto, 1934.

SUMARIO: Nota sobre algumas obras iné-
ditas do historiador João de Barros ago-
ra perdidas, E. Prestage.—O regionalismo
orgânico e a sua constituição sistemática,
Jaime de Magalhães Lima.—Ainda a bata-
lha de Ourique, Victoriano José Cesar.—Ti-
pos populares dos arredores do Pôrto, Apun-
tamentos á pena de Francisco José Rosen-
de.—Nota lingüística «De Riquitô», «De
Riquitô?», Antonio Barradas.—A Bebê fez-
se mulher, versos de Alice.—O Livro V das
«Ordenações», Augusto Cesar Pires de Li-
ma.—Varia.—Bibliografia.—Novidades.—
Res et Verba.

Imprensa NÓS, Rua do Vilar 15, Santiago.



Os pobos
somentes son
grandes pol-a
cultura.



Mercade
Libros
Galegos.

1000

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOL-OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBRICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO